ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES PLURILINGÜE ELVIÑA
CURSO: 3º ESO
MATERIA: XEOGRAFÍA E HISTORIA
DEPARTAMENTO: XEOGRAFÍA E HISTORIA
DATA: 9/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterios de avaliación	**Estándares de aprendizaxe**
B2.1. Organización política e terri- torial de España.	XHB2.1.1. Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.
B2.2. Sectores de actividade económica.	XHB2.2.1. Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos.
B2.3. Sectores económicos en Europa, en España e en Galicia.	XHB2.3.1. Diferencia os sectores económicos europeos.
B2.4. Sistemas económicos do mundo.	XHB2.4.1. Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico.
B2.6. Recursos naturais e actividades agrarias	XHB2.6.1. Sitúa no mapa as principais zonas cerealistas, como exemplo de recurso agrario no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo. XHB2.6.4. Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas.
B2.7. Pesca: tipos e problemática.	XHB2.7.1. Procura información sobre a sobreexplotación dos ca- ladoiros de pesca, usando recur- sos impresos e dixitais.
B2.8. Sector industrial. Rexións industrializadas do mundo.	XHB2.8.1. Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados.
B2.9. Actividades terciarias: trans- porte.	XHB2.9.1. Traza sobre un mapa- mundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións.

B2.10. Actividades terciarias: comercio.	XHB2.10.1. Define os indicadores que miden os intercambios eco- nómicos dun país. XHB2.10.2. Describe as características do comercio internacional na actualidade.
B2.11. Turismo.	XHB2.11.1. Identifica os tipos de turismo e os seus efectos. XHB2.11.2. Valora a importancia do turismo na economía española e galega.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: - Traballos / exercicios prácticos - Observación - Probas online
	Instrumentos: - Deseño e realización do exame segundo as pautas establecidas polo profesor que recompila a materia impartida ata o 13 de marzo e o seu correspondente envío por correo electrónico nos prazos establecidos. - Actividades semanais que deben ser entregadas ao profesor nos prazos establecidos. - Para o alumnado sen conectividade flexibilizaránselle os prazos de entrega.
Cualificación final	- Para o alumnado coa nota media dos dous primeiros trimestres inferior ao 4,5, estes poderán ser recuperados se: · Envía por correo electrónico nos prazos establecidos o deseño e realización do exame segundo as pautas establecidas polo profesor que recompila a materia impartida ata o 13 de marzo. · A nota media dos tres trimestres supera o 4,5 aínda que algún dos trimestres estea suspenso. - Para obter a cuaificación do terceiro trimestre terase en conta a media dos traballos prácticos e exercicios entregados segundo as instrucións marcadas polo profesor na aula virtual. - A cualificación final corresponderá á nota media dos tres trimestres. En ningún caso a cualificación final poderá ser inferior á media dos dous primeiros trimestres.
Proba extraordinaria de setembro	Haberá unha proba presencial de ser posible ou online en caso contrario, que versará sobre os contidos e competencias imprescindibles impartidos ata o 13 de marzo
Avaliación de	Criterios de avaliación:Os indicados na programación do curso

materia pendentes	correspondente.
	Criterios de cualificación: Téñase en conta que está realizada unha proba escrita para unha primeira parte da materia. A valoración da segunda parte da materia farase en base aos exercicios proporcionados ao alumnado e que deben ser entregados ao profesor nas datas estipuladas. A cualificación final obterase da media aritmética das dúas partes na que está dividida a materia. Se a devandita media non acada a cualificación dun 4,5, o alumnado terá que realizar unha proba global que comprenda a materia de todo o curso.
	Procedementos: Proba escrita (xa realizada), fichas de exercicios e observación no curso ordinario. Instrumentos de avaliación: Proba escrita, táboas de rexistro, intercambio de información telemática.

3. Metodoloxía e actividades do 3o trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Semanalmente cólganse na aula virtual un bloque de actividades, que combinan aquelas de reforzo, repaso e ampliación. - Reforzo: consolidación dos contidos esenciais da materia a través da potenciación de destrezas básicas. - Repaso: actividades relacionadas coa materia impartida durante os dous primeiros trimestres empregando diferentes estratexias, por exemplo, xogos xeográficos online, xogos variados de preguntas e respostas ou tarefas de diversa natureza. - Ampliación: actividades vinculadas co coñecemento do seu entorno, exercicios relacionados coa identificación de espazos da organización territorial ou con determinados aspectos da Historia Moderna, pertencente aos contidos do terceiro trimestre. Todas as actividades serán remitidas ao profesor por correo electrónico. A través deste medio resolveremos as dúbidas que poidan xurdir. Para o alumnado sen conectividade proponse exercicios prácticos e traballos que deberán ser presentados ao profesor por medio de diferentes canles.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<u>Alumnado con conectividade</u>: Rolda de correos, observando e valorando o feedback por parte do alumnado. O alumnado vai elaborando as actividades, para o cal se apoia no libro de texto, en presentacións de PowerPoint colgadas na aula virtual en formato PDF, vídeos de Youtube, documentos múltiples, material diverso dispoñible en internet... A elaboración das actividades requiren coñecementos teóricos, que van adquirindo grazas a todo o material dispoñible. <u>Alumnado sen conectividade</u> Seguindo o libro de texto e o material accesible da materia farán

	exercicios prácticos ou elaborarán os traballos propostos polo profesor, que lle remitirán por diferentes canles tendo en conta as circunstancias do alumnado. Esta metodoloxía irase adaptando a situación persoal do alumnado dependendo dos seus recursos dispoñibles, e dos mecanismos de conexión informática que lles poidan proporcionar desde a Consellería.
Materiais e recursos	O profesor conta con ordenador con conexión a internet, compartindo o material co alumnado fundamentalmente a través da aula virtual, Abalar Móbil, Correo electrónico e google drive. O alumnado que manteña a comunicación co profesor a través do mail debe contar preferentemente cun ordenador e conexión a internet, pero pode facelo mediante un móbil e datos. Os apuntamentos e documentos da materia proporcionados ao alumnado mediante diferentes formatos están á súa disposición na aula virtual, con enlaces a google drive e outros enlaces web. O correo electrónico será o medio más empregado para intercambiar material co alumnado, resolver dúbidas, enviar arquivos ou información adicional á que non tivo acceso etc... A comunicación coas familias farase a través das pertinentes contas de correo electrónico ou Abalar móbil.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A través de Abalar Móbil, aula virtual, correo electrónico e mensaxería.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.